

MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS



MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

PRESENTACIÓN

A presente memoria reflicte a articulación dos programas e accións dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006 que teñen gasto estratéxico, de acordo coa estrutura de Obxectivos finais e intermedios definidos no instrumento que recolle o marco de referencia básico da Xunta de Galicia neste setenio, o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia 2000-2006 (PEDEGA).

Galicia encóntrase no grupo das rexións españolas incluídas no Obxectivo 1 dos Fondos Estruturais. O Marco Comunitario de Apoio de Galicia 2000-2006 (MCA) recolle a síntese do diagnóstico, a estratexia de desenvolvemento rexional e os cadros e modalidades de apoio dos Fondos Estruturais, e asume os compromisos de financiamento comunitario que proporcionan un importante respaldo ás previsións de investimentos do PEDEGA.

Exponse a estratexia comunitaria de desenvolvemento e a súa converxencia coa UE así como a súa concreción no Programa Operativo Integrado de Galicia (POI) 2000-2006 (FEDER, FSE, FEOGA-O,) e no Subprograma IFOP de Galicia 2000-2006.

Tamén se analiza a relación do POI Galicia 2000-2006 coas Prioridades europeas fixadas en Lisboa e Gotemburgo.

Así mesmo, recóllese a inserción da estratexia por obxectivos do PEDEGA nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2006.

GALICIA E A ESTRATEXIA DE PROGRAMACIÓN COMUNITARIA NO PERIODO 2000-2006.

O desenvolvemento da política rexional deseñada pola Xunta de Galicia pasou dunha estratexia centrada na inversión e capitalización a outra onde a innovación e o desenvolvemento da capacitación empresarial e os elementos intanxibles do crecemento teñen, cada vez, maior importancia.

Isto non significa que os déficits infraestruturais se solventaran, pero os avances conseguidos permiten dispoñer dunha marxe de manobra para apostar por unha estratexia de desenvolvemento sustentada en dous pilares básicos: a capitalización necesaria da economía galega e a búsqueda dun crecemento baseado cada vez máis na incorporación de elementos intanxibles como o capital humano, o capital tecnolóxico e o empresarial (calidade, internacionalización, marketing, etc.).

A Comunidade Autónoma de Galicia adquiriu unha boa experiencia no ámbito de iniciativas que pretenden reforzar a competitividade da economía. Grazas ao concurso dos Fondos Estruturais, ao Fondo de Cohesión e ás Iniciativas Comunitarias da UE, Galicia está xa a realizar un bo número de actuacións identificadas con aspectos esenciais da Estratexia de Lisboa.

A estratexia de desenvolvemento de Galicia está contida no **PEDEGA**, que constitúe o referente estratéxico do Sector Público Galego. Este Plan insírese á súa vez como memoria rexional de Galicia no **Plan de Desarrollo Regional del Objetivo 1 de España (PDR)**, que comprende así mesmo os plans das Comunidades Autónomas de Obxectivo 1 e as presentacións xerais dos diagnósticos, estratexias e avaliacións previas para o período 2000-2006.

Ao longo do período 2000-2006, Galicia disporá dentro do **MCA para as rexións Obxectivo 1 de España** (FEDER, FSE, FEOGA-O e IFOP), de 4.176,30 millóns de euros de Axuda comunitaria, incluída a asignación da Reserva de Eficacia, para a materialización dos seus investimentos.

Cabe sinalar que o documento do MCA para as rexións Obxectivo 1 de España 2000-2006, que resultou dun proceso de concertación entre a Comisión

Europea, o Goberno Central e as Comunidades Autónomas de Obxectivo 1, foi aprobado pola Decisión da Comisión C(2000)2552 do 19 de outubro de 2000.

A parte máis importante da programación comunitaria na Comunidade Autónoma para o período 2000-2006 está contida no **POI de Galicia 2000-2006**, que foi aprobado pola Decisión da Comisión C(2001)246 de 7 de marzo e modificado polas Decisións da Comisión C(2003)205 de 26 de marzo e C(2004)5061 de 13 de decembro. Así mesmo, o seu **Complemento de Programa**, que contén a programación de detalle das accións estruturais, foi aprobado no Comité de Seguimento do 20 de xuño de 2001 e declarado admisible polos servizos da Comisión Europea mediante escrito de data do 30 de novembro de 2001.

A estrutura do POI presenta as seguintes características:

- Trátase dun programa plurifondo, cofinanciado en termos de Axuda comunitaria por tres Fondos Estruturais: FEDER (68,10%), FSE (11,43%) e FEOGA-O (20,47%).
- O total da Axuda comunitaria do programa ascende a 3.581,25 millóns de euros, sendo a participación nacional de 1.756,98 millóns de euros, e estimándose un custo total do programa de 5.338,23 millóns de euros (Táboa 1).
- Consta de 12 Eixes prioritarios, que responden aos obxectivos de converxencia e cohesión, e de 58 Medidas estratéxicas, sendo cada medida cofinanciada por un único Fondo.
- Os órganos executores do programa ascenden a 67, correspondendo 23 á Administración Xeral do Estado e 44 á C.A. de Galicia.

Táboa 1. Distribución do POI Galicia 2000-2006 por institucións participantes (euros)

Participación Comunitaria	3.581.255.858
FEDER	2.438.658.270
FSE	409.279.463
FEOGA-O	733.318.125
Participación Nacional	1.756.983.166
CENTRAL	919.495.570
REGIONAL	816.222.446
OUTROS (PARTICIPACIÓN PRIVADA)	21.265.150
Custo Total	5.338.239.024

Fonte: elaboración propia.

O detalle da Axuda programada do POI Galicia 2000-2006, incluída a asignación da Reserva de Eficacia, distribuída por Eixes e Fondos, recóllese na Táboa 2.

Táboa 2. Distribución da Axuda comunitaria do POI Galicia 2000-2006 por Eixes e Fondos (Meuros)

Eixes	Denominación	FEDER	FSE	FEOGA-O	Total
1	Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido produtivo	203,08	15,06	154,9	373,04
2	Sociedade do coñecemento (Innovación, I+D, Sociedade da Información)	113,87	24,53		138,40
3	Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos	408,12		196,43	604,55
41	Infraestrutura educativa e reforzo da educación técnico-profesional	57,92	156,69		214,61
42	Inserción e reinserción ocupacional dos desempregados		86,7		86,7
43	Reforzo da estabilidade no emprego e adaptabilidade		51,82		51,82
44	Integración no mercado de traballo de persoas con especiais dificultades		30,98		30,98
45	Participación das mulleres no mercado de traballo		27,73		27,73
5	Desenvolvemento local e urbano	171,43	13,78		185,21
6	Redes de transporte e enerxía	1.480,58			1.480,58
7	Agricultura e desenvolvemento rural			378,46	378,46
9	Asistencia técnica	3,65	1,99	3,53	9,17
Totais		2.438,65	409,28	733,32	3.581,25

Fonte: elaboración propia.

A anualidade presupostada do POI Galicia 2000-2006 correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2006 (Táboa 3) ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 292,57 Meuros.

Táboa 3. Distribución por Eixes, Medidas e Fondos da anualidade presupostada 2006 do POI Galicia 2000-06 correspondente a Administración Autonómica. (Axuda comunitaria en Euros)

EIXE	MEDIDA	DENOMINACIÓN MEDIDA	FONDOS ESTRUTURAIS		
			FEDER	FSE	FEOGA-O
1	1.1	Apoio a empresas industriais, comerciais e de servizos	23.585.583		
1	1.2	Mellora na transformación e comercialización de produtos agrícolas			14.377.210
1	1.3	Provisión e adecuación de espazos produtivos e de servizos ás empresas	5.108.914,60		
1	1.7	Promoción do capital organizativo das empresas	1.208.148		
1	1.8	Favorecer a xeración de nova actividade que permita a creación de emprego.		1.509.325	
2	2.1	Apoiar o investimento en capital humano no ámbito da investigación, a ciencia e a tecnoloxía e a transferencia de coñecemento cara ao sector produtivo		3.353.412	
2	2.2	Proxectos de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico	5.648.121		
2	2.3	Equipamento científico-tecnolóxico	380.608		
2	2.5	Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos	1.091.800		
2	2.6	Grandes instalacións	1.977.049		
2	2.7	Sociedade da información	7.158.760		
3	3.1	Abastecemento de auga á poboación e ás actividades económicas	7.679.840		
3	3.3	Saneamento e depuración de augas residuais	17.485.333		
3	3.4	Xestión integral dos residuos urbanos e industriais	3.163.043		
3	3.6	Protección e rexeneración do contorno natural	2.518.384		
3	3.7	Vixilancia, control e redución da contaminación	734.689		
3	3.8	Rexeneración de solos e espazos	532.269		
3	3.9	Silvicultura			6.229.425
3	3.10	Accións ambientais derivadas da conservación da paisaxe e a economía agraria			10.809.089
41	41.1	Construción, reforma e equipamento de centros educativos e de formación	6.256.884		
41	41.12	Fomentar o acceso de todos/as os ensinos de formación profesional e a súa extensión		13.399.438	
41	41.13	Desenvolver novas modalidades de Formación		1.541.640	
41	41.14	Promover mecanismos de integración e mellora da eficiencia dos subsistemas de FP		1.773.852	
41	41.15	Proporcionar alternativas educativas enfocadas ao mercado de traballo ás persoas que non superan o ensino obrigatorio		2.370.541	
42	42.6	Ofrecer aos desempregados posibilidades de inserción no mercado laboral		5.794.568	

42	42.7	Combater o paro prolongado mediante accións de reinserción laboral dos desempregados de longa duración		696.338	
42	42.8	Ofrecer vías de inserción profesional aos mozos		4.177.909	
43	43.2	Asegurar a actualización do nivel de competencia dos traballadores		1.966.164	
43	43.3	Soster a consolidación do emprego existente		7.842.455	
44	44.10	Apoiar a inserción das persoas discapacitadas no mercado laboral		814.027	
44	44.11	Propoñer oportunidades de integración aos colectivos en risco de exclusión do mercado de traballo		4.392.315	
45	45.16	Mellora da empregabilidade das mulleres		2.366.156	
45	45.17	Fomentar a actividade empresarial das mulleres		1.671.424	
45	45.18	Combater a segregación horizontal		622.355	
5	5.3	Infraestr. e equipament. colect. en concellos <20.000 h.	9.286.953,25		
5	5.6	Apoio ás iniciativas locais de emprego		1.675.784	
5	5.7	Infraestruturas turísticas e culturais	2.218.013		
5	5.8	Conservación e rehabilitación do patrimonio histórico-artístico e cultural	3.434.639		
6	6.1	Estradas e autovías	62.525.641		
6	6.4	Portos	9.580.094		
6	6.8	Redes de distribución de enerxía	3.456.826		
6	6.9	Energías renovables, eficacia e aforro enerxético excepto actuacións contempladas na Medida 6.10.	689.918		
7	7.2	Desenvolvemento e mellora das infraestruturas de apoio			8.713.688
7	7.7	Formación agraria en territorios, colectivos e contidos que non queden cubertos nos programas do FSE			1.215.553
7	7.8	Prestación de servizos ás explotacións agrarias, comercialización de produtos agrarios de calidade e enxeñería financeira			18.221.530
9	9.1	Asistencia técnica FEDER	538.616		
9	9.2	Asistencia técnica FSE		277.134	
9	9.3	Asistencia técnica FEOGA-O			506.000
Subtotais			176.260.125,85	56.244.837	60.072.495
Total Fondos			292.577.457,85		

Fonte: elaboración propia.

O artigo 44 do Regulamento (CE) nº 1260/1999 establece, no seu apartado 1, que os Estados membros, en estreito contacto coa Comisión avaliarán, a máis tardar o 31 de decembro de 2003, a eficacia xeral de cada intervención baseándose nunha serie de indicadores de seguimento que reflectan a eficacia, a xestión e a execución financeira, e midan os resultados intermedios con respecto aos obxectivos específicos iniciais.

O informe de Avaliación Intermedia do POI Galicia 2000-2006 avalou plenamente a vixencia do diagnostico recollido na Evaluación Previa e chegou a conclusión de que o Programa representa unhas inversións pertinentes, está ben articulado e contén potencial para xerar efectos positivos sobre o desenvolvemento socio-económico de Galicia.

Como consecuencia de ter sido declarado eficaz o POI Galicia 2000-2006, por cumprir os criterios específicos seleccionados, a Comisión Europea aprobou o 23 de marzo de 2004 a Decisión C(2004)883, polo que a Reserva de Eficacia asignada ao Programa ascendeu a un total de 151,19 millóns de euros.

Integrado no MCA 2000-2006 para as intervencións estruturais comunitarias nas rexións do Obxectivo nº 1 de España figuran tamén **as intervencións estruturais no sector da pesca**. O Programa Operativo do IFOP de España 2000-2006 foi elaborado no marco da cooperación entre as administracións autonómicas, nacional e europea. O Programa estrutúrase en 5 eixes prioritarios e 21 medidas estratéxicas.

A estratexia deseñada no **Subprograma IFOP de Galicia** é coherente coas Orientacións comunitarias establecidas e co PEDEGA 2000-2006. O montante total do IFOP Galicia 2000-2006 ascende a un total de 1.508,03 millóns de euros, dos que o 39,5 %, 595,05 millóns de euros, corresponden á Axuda comunitaria. A distribución financeira por eixes, Administracións Públicas e o sector privado detállase na Taboa 4.

A Reserva de Eficacia asignada ao Subprograma IFOP Galicia supuxo un montante de 31,96 millóns de euros. A Axuda comunitaria correspondente á anualidade presupostada do 2006 ascende a 96,76 millóns de euros.

Taboa 4. Distribución estimada do Subprograma IFOP de Galicia 2000-2006 por eixes e participacións públicas e privadas (Meuros)

Eixe	Denominación	Axuda C. IFOP	C. A.	AGE	Sector privado	Total
1	Axuste do esforzo pesqueiro	24,81	3,10	3,10		31,01
2	Renovación e moder. flota pesq.	189,29	13,52	13,52	324,49	540,82
3	Des. e modern. tecido produc. e distr.	301,65	63,32	63,32	407,36	835,65
4	Outras medidas	78,07	13,30	6,21	1,43	99,01
5	Asistencia técnica	1,23	0,31			1,54
Totais		595,05	93,55	86,15	733,28	1.508,03

Fonte: Elaboración propia.

Así mesmo, a Axuda comunitaria da anualidade presupostada do 2006 da C. A. do **Subprograma Galicia-Norte de Portugal Interreg III A 2000-2006**, cofinanciado polo FEDER, que se estrutura en 2 eixes prioritarios e 15 medidas estratégicas co obxectivo de impulsar o desenvolvemento do espazo transfronterizo, ascende a un total de 3,56 millóns de euros, correspondendo 0,76 millóns de euros aos proxectos aprobados na 1ª convocatoria e 2,80 millóns de euros aos da 2ª convocatoria.

A CONTRIBUCIÓN DO POI GALICIA 2000-2006 ÁS PRIORIDADES EUROPEAS FIXADAS EN LISBOA E GOTENBURGO

Gran parte das Medidas do POI de Galicia gardan unha estreita relación cos obxectivos establecidos pola Axenda de Lisboa (Táboa 5), que poden sintetizarse en intentar facer da UE unha economía baseada no coñecemento que sexa máis competitiva e dinámica, capaz de crecer economicamente de xeito sostible, con máis e mellores empregos e con maior cohesión social.

A consecución de ditos obxectivos é unha tarefa compartida por tódalas rexións e Estados membros da UE, e o seu logro require actuacións decididas a favor das prioridades estratéxicas establecidas no Consello europeo de Lisboa de marzo de 2000 e completadas, na súa dimensión medio ambiental, no Consello europeo de Gotemburgo en xuño de 2001:

- A mellora das políticas relativas á sociedade da información e de I + D (**Prioridade 1**).
- A aceleración do proceso de reforma estrutural a favor da competitividade e a innovación (**Prioridade 2**).
- A modernización do modelo social mediante a inversión en capital humano e a loita contra a exclusión social (**Prioridade 3**).
- A compatibilidade do progreso económico e social coa protección e conservación do medio ambiente (**Prioridade 4**). Esta aposta polo desenvolvemento sostible está tamén presente na articulación interna do Programa, no cal están establecidas diversas medidas para mellorar o patrimonio natural e o grado de coherencia entre a actividade productiva e o entorno no cal se desenvolve.

Táboa 5. Contribución do POI de Galicia 2000-2006 ás Prioridades europeas fixadas en Lisboa e Gotemburgo

MEDIDA	DENOMINACION MEDIDA	PR.1	PR.2	PR.3	PR.4
1.1	Apoio a empresas industriais, comerciais e de servizos				
1.2	Mellora na transformación e comercialización de produtos agrícolas				
1.3	Provisión e adecuación de espazos produtivos e de servizos ás empresas				
1.7	Promoción do capital organizativo das empresas				
1.8	Favorecer a xeración de nova actividade que permita a creación de emprego				
2.1	Apoiar o investimento en capital humano no ámbito da investigación, a ciencia e a tecnoloxía e a transferencia de coñecemento cara ao sector produtivo				
2.2	Proxectos de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico				
2.3	Equipamento científico-tecnolóxico				
2.5	Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos				
2.6	Grandes instalacións				
2.7	Sociedade da información				
3.2	Mellora da eficacia das infraestruturas existentes e da utilización da auga				
3.3	Saneamento e depuración de augas residuais				
3.4	Xestión integral dos residuos urbanos e industriais				
3.5	Actuacións medio ambientais en costas				
3.6	Protección e rexeneración do contorno natural				
3.7	Vixilancia, control e redución da contaminación ambiental				
3.8	Rexeneración de solos e espazos				
3.9	Silvicultura				
3.10	Accións ambientais derivadas da conservación da paisaxe e a economía agraria				
41.1	Construción, reforma e equipamento de centros educativos e de formación				
41.12	Fomentar o acceso de todos/as os ensinos de formación profesional e a súa extensión				
41.13	Desenvolver novas modalidades de Formación Profesional				
41.14	Promover mecanismos de integración e mellora da eficiencia dos subsistemas de FP				
41.15	Proporcionar alternativas educativas enfocadas ao mercado de traballo ás persoas que non superan o ensino obrigatorio				
42.6	Ofrecer aos desempregados posibilidades de inserción no mercado laboral				
42.7	Combater o paro prolongado mediante accións de reinserción laboral dos desempregados de longa duración				
42.8	Ofrecer vías de inserción profesional aos mozos				
43.2	Asegurar a actualización do nivel de competencia dos traballadores				
43.3	Soster a consolidación do emprego existente				
44.10	Apoiar a inserción das persoas discapacitadas no mercado laboral				
44.11	Propoñer oportunidades de integración aos colectivos en risco de exclusión do mercado de traballo				
45.16	Mellora da empregabilidade das mulleres				
45.17	Fomentar a actividade empresarial das mulleres				
45.18	Combater a segregación horizontal				
5.6	Apoio ás iniciativas locais de emprego				
6.1	Estradas e autovías				
6.2	Autoestradas				
6.3	Ferrocarrís				
6.4	Portos				
6.5	Aeroportos				
6.6	Sistemas de transporte multimodais e medios de transporte				
6.8	Redes de distribución de enerxía				
6.9	Enerxías renovables, eficacia e aforro enerxético excepto actuacións contempladas na Medida 6.10				
7.2	Desenvolvemento e mellora das infraestruturas de apoio				
7.5	Desenvolvemento endógeno de zonas rurais, relativo ás actividades agrarias				
7.7	Formación agraria en territorios, colectivos e contidos que non queden cubertos nos programas do FSE				
7.8	Prestación de servizos ás explotacións agrarias, comercialización de produtos agrarios de calidade e enxeñaría financeira				

Fonte: elaboración propia.

Galicia aproveitou a oportunidade de intervir directamente a través da política estrutural sobre as variables fundamentais que determinan os compromisos de Lisboa e Gotemburgo. En termos de Axuda Comunitaria, a atención financeira das Medidas do POI a estas prioridades representa o 92% da Axuda total para o período 2000-2006 (Táboa 6).

Tendo en conta a asignación das Medidas do POI a cada unha das Prioridades, a do impulso da **Sociedade do Coñecemento** é un elemento estratéxico dentro do POI de Galicia e como tal goza dunha gran importancia. A Axuda comunitaria relacionada coa Prioridade 1, que se recolle no Eixe 2, ascende a 136.672.670 €, o que supón o 4,15% do total das prioridades.

A prioridade do desenvolvemento do **entorno empresarial** e o espírito emprendedor está en relación coa importancia da densidade empresarial galega e a súa especial estrutura. A Axuda comunitaria destinada á Prioridade 2, que se inclúe nos Eixes 1, 6, e 7, acada os 2.195.276.153 €, o que representa o 66,59% do total das prioridades.

A prioridade do **mercado de traballo** é obxecto de especial atención por parte do POI de Galicia. A Axuda Comunitaria que atende á Prioridade 3, que se inclúe nos Eixes 1, 41, 42, 43, 44, 45, 5 e 7, ascende a 457.907.186 €, o que representa o 13,89% do total das prioridades.

Táboa 6. Atención financeira do POI de Galicia ás Prioridades de Lisboa e Gotemburgo

Prioridades Lisboa + Gotemburgo	Medidas POI Galicia 2000-2006	Axuda comunitaria (€)
Prioridade 1 Sociedade do coñecemento	2.1	24.526.095
	2.2	36.739.966
	2.3	2.590.002
	2.5	9.030.003
	2.6	10.410.001
	2.7	53.376.603
	Subtotal Pr. 1	136.672.670
Prioridade 2 Entorno empresarial	1.1	149.521.785
	1.2	154.907.822
	1.3	47.364.565
	1.7	7.920.000
	6.1	697.474.952
	6.2	51.695.666
	6.3	442.161.000
	6.4	157.614.780
	6,5	13.385.000
	6.6	7.193.219
	6.8	94.804.573
	7.2	119.494.684
	7.5	37.306.000
	7.8	214.432.107
	Subtotal Pr. 2	2.195.276.153
Prioridade 3 Mercado de traballo	1.8	15.067.374
	41.1	57.922.005
	41.12	122.691.278
	41.13	10.239.769
	41.14	15.070.824
	41.15	18.686.529
	42.6	55.016.392
	42.7	4.216.266
	42.8	27.464.253
	43.2	14.543.259
	43.3	37.277.704
	44.10	5.505.199
	44.11	25.478.897
	45.16	14.081.544
	45.17	9.947.028
	45.18	3.703.780
	5.6	13.772.280
	7.7	7.222.805
	Subtotal Pr. 3	457.907.186
Prioridade 4 Medio ambiente	3.2	7.664.077
	3.3	158.227.234
	3.4	12.289.999
	3.6	107.547.325
	3.7	5.049.988
	3.8	3.440.001
	3.9	75.497.109
	3.10	120.929.598
	6.9	16.252.429
	Subtotal Pr. 4	506.897.760
Axuda comunitaria POI Galicia 2000-2006 Prioridades Lisboa+Gotemburgo		3.296.753.769
Axuda comunitaria POI Galicia 2000-2006		3.581.255.858

Fonte: Elaboración propia.

A **Estratexia Europea polo Emprego** (EEE) é un dos elementos clave para o cumprimento dos obxectivos establecidos na Axenda de Lisboa, no que se refire ao fin último de obter a cohesión económica e social. De feito, **os obxectivos** que persegue céntranse, fundamentalmente en tres: alto nivel de emprego, calidade e produtividade no traballo e cohesión e inclusión social.

A Estratexia Europea polo Emprego foi revisada recentemente nun horizonte temporal que se estende ata o ano 2010, establecendo un novo calendario e un deseño diferente para os Plans Nacionais de Acción para o Emprego, quedando estruturados en dez Directrices entorno ás que deben xirar as políticas e as medidas a adoptar. Tales Directrices son as seguintes:

- 1.- Medidas activas e preventivas a favor dos desempregados e inactivos.
- 2.- Creación de postos de traballo e espírito de empresa.
- 3.- Facilitar o cambio e promover a adaptabilidade e a mobilidade no mercado de traballo.
- 4.- Fomentar o desenvolvemento do capital humano e a formación permanente.
- 5.- Aumentar a oferta de man de obra e promover a prolongación da vida activa.
- 6.- Igualdade entre homes e mulleres.
- 7.- Promover a integración das persoas desfavorecidas no mercado de traballo e combater a discriminación.
- 8.- Facer que traballar resulte rentable por medio de incentivos.
- 9.- Regularizar o traballo non declarado.
- 10.- Facer fronte ás disparidades rexionais en materia de emprego.

Tendo en conta a asignación de cada Medida a unha única Directriz da EEE (Táboa 7), obsérvase que máis do 80% da Axuda Comunitaria programada no POI de Galicia para o período 2000-2006, en maior ou menor grado, garda relación, como mínimo, cun dos grandes obxectivos da EEE e conseguintemente con algunha das Directrices que articulan ditos obxectivos.

Táboa 7. Directrices Comunitarias da EEE atendidas prioritariamente polas Medidas do POI Galicia 2000-2006

MEDIDA	DENOMINACIÓN MEDIDA	Directriz EEE
1.1	Apoio a empresas industriais, comerciais e de servizos	2
1.2	Mellora na transformación e comercialización de produtos agrícolas	2
1.3	Provisión e adecuación de espazos produtivos e de servizos ás empresas	2
1.7	Promoción do capital organizativo das empresas	2
1.8	Favorecer a xeración de nova actividade que permita a creación de emprego	2
2.1	Apoiar o investimento en capital humano no ámbito da investigación, a ciencia e a tecnoloxía e a transferencia de coñecemento cara ao sector produtivo	4
2.2	Proxectos de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico	4
2.3	Equipamento científico-tecnolóxico	4
2.5	Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos	4
2.7	Sociedade da información	4
41.12	Fomentar o acceso de todos/as os ensinos de Formación Profesional e a súa extensión	4
41.13	Desenvolver novas modalidades de Formación Profesional	4
41.14	Promover mecanismos de integración e mellora da eficiencia dos subsistemas de FP	4
41.15	Proporcionar alternativas educativas enfocadas ao mercado de traballo ás persoas que non superan o ensino obrigatorio	4
42.6	Ofrecer aos desempregados posibilidades de inserción no mercado laboral	1
42.7	Combater o paro prolongado mediante accións de reinserción laboral dos desempregados de longa duración	1
42.8	Ofrecer vías de inserción profesional aos mozos	1
43.2	Asegurar a actualización do nivel de competencia dos traballadores	4
43.3	Soster a consolidación do emprego existente	3
44.10	Apoiar a inserción das persoas discapacitadas no mercado laboral	7
44.11	Propoñer oportunidades de integración aos colectivos en risco de exclusión do mercado de traballo	7
45.16	Mellora da empregabilidade das mulleres	6
45.17	Fomentar a actividade empresarial das mulleres	6
45.18	Combater a segregación horizontal	6
5.1	Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas	10
5.2	Mellora dos sistemas de transportes urbanos	10
5.3	Infraestrutura e equipamentos colectivos en municipios menores de 20.000 habitantes	10
5.6	Apoio ás iniciativas locais de emprego	10
5.7	Infraestruturas turísticas e culturais	10
5.8	Conservación e rehabilitación do patrimonio histórico-artístico e cultural	10
5.9	Infraestruturas e equipamentos sociais e sanitarios	5
6.1	Estradas e autovías	10
6.2	Autoestradas	10
6.3	Ferrocarrís	10
6.4	Portos	10
6.5	Aeroportos	10
6.6	Sistemas de transporte multimodais e medios de transporte	10
6.8	Redes de distribución de enerxía	10
6.9	Energías renovables, eficacia e aforro enerxético excepto actuacións contempladas na Medida 6.10	10
7.2	Desenvolvemento e mellora das infraestruturas de apoio	10
7.5	Desenvolvemento endógeno de zonas rurais, relativo ás actividades agrarias	2
7.7	Formación agraria en territorios, colectivos e contidos que non queden cubertos nos programas do FSE	1

Fonte: elaboración propia.

A directriz da EEE que ten unha maior atención financeira é a 10 (*Facer fronte ás disparidades de emprego rexionais*), sobre a cal inflúe máis do 60% do Programa, en termos de Axuda comunitaria programada. O carácter transversal da mesma fai que se teñan en consideración factores como a dotación de infraestruturas que, polo menos de forma indirecta, inciden na xeneración de emprego.

Así mesmo, destacan a directriz 2 (*Creación de postos de traballo e espírito de empresa*), e a directriz 4 (*Fomentar o desenvolvemento do capital humano e a formación permanente*), que superan o 15% e 10%, respectivamente, mentres que o resto das directrices acadan unha porcentaxe entorno ao 14% da programación financeira do POI, en termos de Axuda comunitaria.

A presenza da prioridade de **medio ambiente** no POI tamén ten unha gran importancia. A Axuda Comunitaria relacionada coa Prioridade 4, que se recolle nos Eixes 3 e 6, ascende a 506.897.760 €, o que representa o 15,38% do total das prioridades.

O **impacto global do POI** sobre os obxectivos da estratexia de Lisboa e Gotemburgo está a permitir:

- Un impulso da competitividade das Pymes, aumentando a produtividade e adaptabilidade das empresas e as súas melloras organizativas.
- Unha maior modernización do modelo social mediante a inversión en capital humano e a loita contra a exclusión social.
- Un incremento do esforzo en innovación, investigación e procesos tecnolóxicos: casi o 40% dos usuarios das redes de telecomunicacións beneficiáronse de axudas dos Fondos Estruturais.
- Un maior grado de sostenibilidade do crecemento económico o que suporá a necesidade de incrementar o esforzo nos próximos anos.

A DISTRIBUCIÓN DO GASTO ESTRATÉXICO DOS ORZAMENTOS DE 2006 POR OBXECTIVOS DO PEDEGA

A planificación económica rexional recollida no PEDEGA ten a súa plasmación operativa nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, cun volume de gastos estratéxicos de 3.042.270.648 euros, que representan o 30,69% do total orzamentario.

Estes gastos concrépanse, fundamentalmente, nos capítulos de investimentos reais (capítulo VI) e transferencias de capital (capítulo VII) no que se refire ao fomento do tecido industrial e dos complexos produtivos de singular importancia na economía galega, á potenciación da calidade e da competitividade do territorio e aos investimentos destinados á prestación de servizos básicos para o incremento da calidade do capital humano (educación, sanidade, vivenda, servizos sociais), e tamén nas transferencias correntes (capítulo IV) con incidencia no desenvolvemento económico, que instrumentan as medidas de formación e de I+D+I e a súa conexión co tecido produtivo, así como as políticas activas de emprego que inciden na cualificación da poboación activa e na mellora do funcionamento do mercado de traballo.

As **prioridades orzamentarias** establecidas pola Xunta de Galicia para a anualidade 2006 atenden tanto ao nivel de gasto social como ao compromiso de gasto produtivo. Entre elas atópase a consolidación e mellora do sistema de *benestar e de protección social*; o reforzamento das políticas orientadas á consecución dunha *economía competitiva* (investigación, desenvolvemento e innovación, infraestruturas, apoio á iniciativa empresarial e aos sectores estratéxicos) capaz de crear emprego estable e de calidade; a potenciación do gasto en *capital humano*, con especial atención á educación, á formación de traballadores, e ao sistema universitario e a *posta en valor do territorio*, mediante a implantación de políticas axeitadas de sustentabilidade ambiental, de habitabilidade e de calidade urbanística.

Na Táboa 8, relaciónanse os investimentos dos programas orzamentarios desta anualidade cos Obxectivos finais nos que se estrutura o PEDEGA, o que permite coñecer a concreción das liñas de investimento definidas no PEDEGA para a anualidade de 2006.

Táboa 8. Distribución do gasto estratéxico da anualidade presupostada de 2006 por Ámbitos e Obxectivos finais do PEDEGA

Ámbitos e Obxectivos Finais	Anualidade 2006 (euros)	%
1. POTENCIAR A COMPETITIVIDADE DO TECIDO PRODUTIVO	531.778.391	17,48
1.A. Potenciar os factores básicos de competitividade do sistema empresarial	46.655.683	1,53
1.B. Potenciar a competitividade do núcleo produtivo de Galicia	485.122.708	15,95
2. POTENCIAR A CALIDADE E COMPETITIVIDADE DO TERRITORIO	474.498.970	15,60
2.A. Mellorar a accesibilidade do territorio	249.098.885	8,19
2.B. Aumentar a proxección territorial do desenvolvemento	90.480.991	2,97
2.C. Protexer e mellorar o medio ambiente	134.919.094	4,43
3. POTENCIAR O CAPITAL HUMANO	1.976.719.786	64,98
3.A. Potenciar os factores básicos que determinan a calidade do capital humano	1.149.198.679	37,77
3.B. Aumentar os recursos do coñecemento e potenciar o emprego	827.521.107	27,20
4. AUMENTAR A EFICACIA E A EFICIENCIA DO MARCO INSTITUCIONAL E OPERATIVO	59.273.501	1,95
TOTAL	3.042.270.648	100

Fonte: elaboración propia segundo orzamentos 2006.

De acordo coa priorización de actuacións en materia de política económica no período 2000-2006, o maior apoio estratéxico sitúase no ámbito de **Potenciar o capital humano** que acada no actual orzamento o 64,98% do total do gasto estratéxico, cunha distribución entre obxectivos finais do 37,77% do total adicado a *Potenciar os factores básicos que determinan a calidade do capital humano* e do 27,20% dirixido a *Aumentar os recursos de coñecemento e potenciar o emprego*.

A estratexia relacionada co impulso do tecido produtivo rexional de Galicia concrétese no ámbito **Potenciar a competitividade do tecido produtivo**, que absorbe o 17,48% do gasto estratéxico, dirixindo ao obxectivo final de *Potenciar a competitividade do núcleo produtivo de Galicia* o 15,95% do total de gasto, e ao obxectivo final de *Potenciar os factores básicos de competitividade do sistema empresarial* o 1,53%.

O ámbito de **Potenciar a calidade e competitividade do territorio** absorbe o 15,60% do gasto estratéxico, no que a *Mellora da accesibilidade do territorio* representa o 8,19% dos gastos adscritos ao PEDEGA, seguido do obxectivo final de *Protexer e mellorar o medio ambiente*, de especial importancia nun modelo de crecemento sostido, que representa o 4,43% destes gastos. O obxectivo final de *Aumentar a proxección territorial do desenvolvemento*, en parte cofinanciado coa Iniciativa Comunitaria Interreg III A, no que atinxe á consolidación da Euro rexión Galicia-Norte de Portugal, representa o 2,97%.

Por último o ámbito de **Aumentar a eficacia do marco institucional e operativo** acada a porcentaxe do 1,95% do total do gasto estratéxico.



ESTRUCTURA FUNCIONAL POR CAPITULOS DO ESTADO DE GASTOS

ESTRUCTURA FUNCIONAL			SECCIONES		CAPÍTULOS									TOTAL	%TOT. FUNC.
			I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	2016	2017		
1. SERVICIOS DE CARÁCTER XERAL	1.1. ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA			105.480.646	46.326.143	54.372	13.661.392	0	28.115.497	8.870.882	154.061	0	201.662.973	100,00	
	1.1.1. ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA			19.467.766	12.020.339	0	3.770.780	0	3.483.581	34.055	154.061	0	38.930.552	100,00	
	1.1.1.1. PRESIDENCIA DA XUNTA														
	1.1.1.1.A. ACTIVIDADE LEXISLATIVA			2.168.254	1.705.845		210.354		30.000				4.114.483	10,57	
	1.1.1.1.B. ACTIVIDADE LEXISLATIVA			9.184.238	6.288.519		2.441.982		1.136.975				19.213.629	49,35	
	1.1.1.1.C. CONTROL EXTERNO DO SECTOR PÚBLICO			4.446.575	1.316.044		2.705		827.883				6.629.278	17,03	
	1.1.1.1.D. ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA			2.783.776	2.379.610		412.000		1.164.158				6.739.584	17,31	
	1.1.1.1.E. RELACIÓNS COA UNIÓN EUROPEA E ACCIÓN EXTERIOR			884.883	320.251		703.729		324.555				2.233.478	5,74	
	1.2. ADMINISTRACIÓN XERAL			86.012.880	39.305.884	54.372	9.880.612	0	24.681.916	8.886.807	0	0	162.722.421	100,00	
	1.2.1. ADMINISTRACIÓN XERAL														
	1.2.1.1. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL			22.966.649	19.276.011	54.372	531.788		4.428.680	1.552.113			48.809.633	30,00	
	1.2.1.1.A. DIRECCIÓN E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA			1.811.133	227.997				30.000				2.089.130	1,27	
	1.2.1.1.B. ASESORAMENTO														
	1.2.1.1.C. AVALIACIÓN ADMINISTRATIVA			181.810					9.424.116				9.605.926	5,90	
	1.2.2. FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL														
1.2.2.A. FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA C. A.			888.648	2.480.243		318.642		886.883				4.573.426	2,81		
2. SEGURIDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	1.2.3. XUSTIZA E ADMINISTRACIÓN LOCAL														
	1.2.3.A. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA			8.880.171	11.119.725		8.271.639		9.086.486				37.388.021	22,96	
	1.2.3.B. PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA			50.541.647					756.731	7.284.694			50.541.647	31,06	
	1.2.3.C. ADMINISTRACIÓN LOCAL			728.822	221.888		798.533						9.754.638	5,99	
	2.1. SEGURIDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL			136.978.335	133.537.012	0	388.990.267	0	42.271.640	35.487.482	0	0	707.214.735	100,00	
	2.1.1. SEGURIDADE SOCIAL E PROTECCIÓN SOCIAL			102.603.927	117.783.331	0	124.550.787	0	26.800.151	21.158.162	0	0	382.936.338	100,00	
	2.1.1.1. ADMINISTRACIÓN DA PROTECCIÓN SOCIAL														
	2.1.1.1.A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROTECCIÓN SOCIAL			13.478.421	4.032.580				6.811.332	415.339			24.737.672	6,30	
	2.1.1.1.B. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PRESTACIÓNS SOCIAIS			77.009.754	551.625				951.822				78.513.201	19,98	
	2.1.2. ACCIÓN SOCIAL														
	2.1.2.A. PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS			1.137.149			71.739.568		192.100	3.162.465			76.231.272	19,40	
	2.1.2.B. CENTROS PARA SERVIZOS SOCIAIS			105.322.086			1.430.000		13.682.819				121.616.988	30,96	
	2.1.2.C. ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DOS FUNCIONARIOS			544.680									544.680	0,14	
	2.1.2.D. PENSIÓNS E PRESTACIÓNS EN SERVIZOS SOCIAIS			76.935			31.822.163		283.241	11.920.170			44.082.159	11,22	
	2.1.2.F. PLAN DO VOLUNTARIADO			725.654	780.141		993.265		678.725				3.157.815	0,80	
3. PRODUCCIÓN DE BIENS PÚBLICOS DE CARÁCTER SOCIAL	2.1.3. MIGRACIÓNS														
	2.1.3.A. ACCIÓNS RELATIVAS ÁS MITIGACIÓNS			2.284.066	3.176.012		8.123.633		1.468.990	2.884.733			17.927.434	4,56	
	2.1.3.B. COOPERACIÓN EXTERIOR			397.089			3.972.634		250.000	2.475.445			7.085.168	1,81	
	2.1.4. RELACIÓNS LABORAIS														
	2.1.4.A. ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS			1.929.237	1.022.451		4.766.563		363.828	300.000			8.422.079	2,14	
	2.1.4.B. SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO			5.577.584	1.190.052		1.702.381		2.197.324	10.607.900			10.607.900	2,70	
	2.3. PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE			4.475.794	2.376.088	0	6.954.000	0	6.718.634	14.049.271	0	0	34.573.787	100,00	
	2.3.1. PROTECCIÓN CIVIL														
	2.3.1.A. PROTECCIÓN CIVIL			1.280.254	196.181		6.954.000		5.744.794	14.049.271			28.204.500	81,58	
	2.3.2. SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA														
	2.3.2.A. SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA			3.215.540	2.179.907		227.425.470	0	973.840	230.069			6.389.287	18,42	
	2.4. PROMOCIÓN DO EMPREGO			29.888.614	13.367.583	0			8.722.855	230.069	0	0	279.704.591	100,00	
	2.4.1. PROMOCIÓN DO EMPREGO														
	2.4.1.A. FOMENTO DO EMPREGO			22.009.749	8.178.527		198.137.729		7.193.930	230.069			235.809.994	84,31	
	2.4.1.B. FOMENTO DO EMPREGO F.S.E.			463.984	3.481.494		29.227.640		1.528.925				33.113.098	11,84	
2.4.1.C. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TRABALLO			7.424.901	1.757.572		60.101		535.654.934	284.499.067	103.143.555	0	5.899.133.070	3,85		
3.1. SANIDADE			2.465.139.111	947.253.604	988.094	1.494.763.250	57.681.455	165.483.988	2.725.927	625.000	0	3.157.136.837	100,00		
3.1.1. SANIDADE			1.285.861.941	734.588.949	0	900.199.567									
3.1.1.1. ADMINISTRACIÓN XERAL															
3.1.1.1.A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE			28.887.287	6.488.410		6.664.571		28.822.548	1.000.000	386.565		72.179.391	2,29		
3.1.2. ATENCIÓN ESPECIALIZADA															
3.1.2.A. ATENCIÓN ESPECIALIZADA			841.723.230	688.417.020		129.084.245		87.522.234	1.082.817	258.435		1.782.789.526	56,47		
3.1.3. ATENCIÓN PRIMARIA DA SAÚDE															
3.1.3.A. PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE			25.509.801	955.816		10.824.810		31.418.551	683.110			69.382.088	2,20		
3.1.3.B. ATENCIÓN PRIMARIA DA SAÚDE			337.223.022	28.707.673		783.625.941		17.325.665				1.189.882.281	38,01		
3.1.4. FORMACIÓN DO PERSOAL															
3.1.4.C. FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSTGRADUADOS			32.508.551	188.286.225	238.074	517.918.955	0	355.000	29.627.226	0	0	32.903.551	1,04		
3.2. EDUCACIÓN			1.147.794.959					117.449.149				2.001.394.593	100,00		
3.2.1. ADMINISTRACIÓN XERAL															
3.2.1.A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN			20.816.982	3.186.415		166.471		540.000				24.709.888	1,23		
3.2.2. ENSINANZAS															
3.2.2.A. EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E E.S.O.			501.641.281	9.043.994		194.824.759		40.680.700	200.000			746.370.674	37,29		
3.2.2.C. ENSINANZAS UNIVERSITARIAS			1.000.000			279.954.777		150.000	25.577.226			306.682.003	15,32		
3.2.2.D. EDUCACIÓN ESPECIAL			12.743.951	670.879		9.100.000		2.100.000				24.614.830	1,23		

ESTRUTURA FUNCIONAL	SECCIONS	CAPÍTULOS								TOTAL 2006	%TOT. FUNC.
		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII		
3.2.2.E. ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS	09	21.463.625	1.227.414		994.000		1.735.487	650.000		26.000.526	1,30
3.2.2.G. ENSEÑANZAS ESPECIAIS	09	11.661.444	791.257				1.473.015			13.925.716	0,70
3.2.2.H. OUTRAS ENSEÑANZAS	09		262.672		88.829					351.701	0,02
3.2.2.I. FORMACIÓN E PERFECCIONAMIENTO DO PROFESORADO	09		552.970		100.000		3.336.200			3.989.170	0,20
3.2.2.J. FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO	14		943.663		128.716		1.285.075			5.555.665	0,28
3.2.2.K. ENSEÑANZAS PESQUEIRAS	11		731.507		590.000		3.366.149			6.946.446	0,35
3.2.2.L. CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGRARIA	09, 11, 14		10.076.932		3.981.250		1.166.725			26.385.937	1,42
3.2.2.M. FORMACIÓN PROFESIONAL F. S. E.	09	550.616.239	26.079.109	288.074	16.025.775		60.339.133	200.000		653.593.330	32,66
3.2.2.N. ENSEÑANZA SECUNDARIA	09										
3.2.2.O. PROMOCIÓN EDUCATIVA	09		133.718.973		12.024.378		1.236.665	3.000.000		160.223.481	8,01
3.2.3.A. SERVICIOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DO ENSINO	09	13.996.992	3.459.748	700.020	12.164.060	0	107.241.545	56.749.317	5.386.024	228.657.716	100,00
3.3. VIVENDA E URBANISMO											
3.3.1. VIVENDA											
3.3.1.A. PROMOCIÓN, ADMINISTRACIÓN E AXUDAS REHABILITACIÓN E ACCESO Á VIVENDA	17, IGVS	9.927.946	3.190.194	700.020	12.164.060		83.515.712	67.941.973	5.386.024	182.825.949	79,95
3.3.2. URBANISMO E ARQUITECTURA											
3.3.2.A. ORDENACIÓN E FOMENTO DA EDIFICACIÓN E DO URBANISMO	08	4.039.036	289.554				23.725.833	17.807.344		45.041.757	20,05
3.4. POLÍTICAS AMBIENTAIS		25.024.569	6.325.223	0	851.938	0	67.047.590	81.343.612	1.864.000	182.457.212	100,00
3.4.1. ADMINISTRACIÓN XERAL											
3.4.1.A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	15	9.128.082								9.128.082	5,00
3.4.2. PROTECCIÓN DO MEDIO											
3.4.2.A. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	14, 15, AUGAS	15.886.777	6.325.223		851.938		67.047.590	81.343.612	1.864.000	173.329.130	95,00
3.5. CULTURA		30.514.249	12.719.254	0	22.654.893	0	68.974.101	74.352.232	0	203.214.759	100,00
3.5.1. ADMINISTRACIÓN XERAL											
3.5.1.A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	12	4.474.788	4.350.150		1.141.600		1.170.545	48.000.000		59.137.083	28,27
3.5.2. BIBLIOTECAS, ARQUIVOS E MUSEOS											
3.5.2.A. BIBLIOTECAS	12				294.400		3.953.000	337.000		4.524.400	2,16
3.5.2.B. ARQUIVOS E MUSEOS	12				376.006		2.665.354	1.615.000		4.666.360	2,24
3.5.3. PROMOCIÓN CULTURAL											
3.5.3.A. PROMOCIÓN, DIFUSIÓN E COOPERACIÓN CULTURAL	12	5.514.232	518.977		2.016.500		5.196.717	10.283.632		23.540.118	11,25
3.5.3.B. AUDIOVISUAIS	04, 12						4.605.769	5.600.506		10.206.275	4,88
3.5.3.C. PUBLICACIÓNS	06		307.213							307.213	0,15
3.5.3.D. XACOBEO	12				420.326		1.549.846			1.970.172	0,94
3.5.3.E. FOMENTO DA LINGUA GALEGA	04	1.303.332	164.594		3.556.730		15.061.540	1.761.685		21.897.861	10,46
3.5.4. ARTES ESCÉNICAS											
3.5.4.A. TEATRO, MÚSICA E DANZA	12, IGAEM	2.022.670	732.469		191.273		6.383.659			9.340.101	4,46
3.5.5. PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E XUVENIS											
3.5.5.A. FOMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	12	2.922.434	2.598.819		12.260.655		13.846.636	3.220.597		34.819.141	16,64
3.5.5.B. FOMENTO DA ACTIVIDADE XUVENIL	05	6.391.766	4.077.022		2.417.403		2.832.864	1.537.832		17.255.867	8,25
3.5.6. PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E ARQUEOLÓXICO											
3.5.6.A. PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E ARQUEOLÓXICO	12	7.884.357					11.033.171	1.986.000		20.964.133	10,02
3.5.7. ARTES PLÁSTICAS											
3.5.7.A. EXPOSICIÓNS E ARTES PLÁSTICAS	12	1.976.111	1.894.235	0	973.817	0	575.000	10.700.723	95.288.531	575.000	0,27
3.6. OUTROS SERVIZOS COMUNITARIOS E SOCIAIS										120.271.948	100,00
3.6.1. COMUNICACIÓN SOCIAL											
3.6.1.A. COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL	04	1.976.111	1.894.235		321.540		7.132.637	1.700.728		13.025.221	10,83
3.6.1.B. RADIODIFUSIÓN E TVG	04				682.277		2.335.924	8.999.995		107.296.727	89,17
4. PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER ECONÓMICO											
4.1. INFRAESTRUTURA BÁSICA E DO TRANSPORTE											
4.1.1. ADMINISTRACIÓN XERAL											
4.1.1.A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICA TERRITORIAL E OBRAS PÚBLICAS	08	4.944.403	553.105		30.051		3.183.839			9.111.338	1,98
4.1.2. RECURSOS HIDRÁULICOS											
4.1.2.A. XESTIÓN E INFRAESTRUTURA DE RECURSOS HIDRÁULICOS	AUGAS	4.577.428		92.700			6.050.000	41.485.682		52.205.820	11,33
4.1.3. TRANSPORTE TERRESTRE											
4.1.3.A. ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE TERRESTRE	08	3.223.348	636.420		5.671.500		9.880.473	14.075.000		33.466.741	7,26
4.1.3.B. CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	08	13.168.751	979.984		1.410.000		317.742.469	3.566.403		336.857.587	73,10
4.1.4. PORTOS											
4.1.4.A. CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	08										
4.2. OUTRAS INFRAESTRUTURAS NO SECTOR PRIMARIO											
4.2.2. MELLORA DO MEDIO NATURAL											
4.2.2.B. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO	14										
4.2.2.C. PREVENCIÓN, DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (PLAN FORESTAL GALICIA)	11	27.389.797	3.660.000	700.000	5.880.226	0	90.470.785	15.082.234	0	146.738.664	100,00
4.2.2.D. DESENVOLVEMENTO RURAL											
4.3. INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA E APLICADA											
4.3.2. INVESTIGACIÓN TÉCNICA E APLICADA											
4.3.2.A. INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA E APLICADA	11	5.625.561	999.198	0	5.880.226	0	56.651.387	1.410.800	2.000.000	69.577.974	46,76
		8.851.930			14.528.664		6.131.059	64.910.612		97.391.463	100,00

ESTRUCTURA FUNCIONAL	SECCIONES	CAPÍTULOS									TOTAL 2006	%TOT. FUNC.	
		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX			
4.3.2.A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA 4.3.2.B. INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA 4.4. INFORMACIÓN ESTADÍSTICA BÁSICA 4.4.1. SOPORTES ESTADÍSTICOS 4.4.1.A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA	10, 11, 14, 15	8.851.930	999.198		6.630.141		6.045.435	43.663.534	2.000.000		68.150.238	69,98	
	10	2.762.114	445.932	0	7.888.523		85.624	21.257.078	0	0	29.241.225	30,02	
	05, 06, 09, 10 11, 12, 13, 14 15, 16, 16E	2.762.114	445.932		82.220		2.917.100				6.207.336	100,00	
	5. REGULACIÓN ECONÓMICA DE CARÁCTER XERAL												
	5.1. ACTUACIÓN ECONÓMICAS XERAIS												
	5.1.1. ADMINISTRACIÓN XERAL												
	5.1.1.A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ECONOMÍA E FACENDA	07	41.769.095	25.128.450	0	14.317.203	0	36.395.315	35.217.300	5.843.442	0	158.680.805	68,01
	5.1.2. REGULACIÓN ECONÓMICA XERAL		10.241.067	2.431.654	0	10.503.508		7.624.035	6.240.320	0	0	37.040.604	100,00
	5.1.2.A. PLANIFICACIÓN, ORZAMENTACIÓN E COORDINACIÓN ECONÓMICA												
	5.1.3. DEFENSA DA COMPETENCIA	07	3.260.123	1.611.023		9.995.508		4.396.123	5.990.320			25.198.097	11,95
	5.1.3.A. DEFENSA DA COMPETENCIA		2.590.405					1.894.594				4.424.989	
	5.1.3.B. ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR	TDC	437.077	336.000		30.000		90.000				888.077	2,41
	5.2. COMERCIO	IGC	3.953.462	494.631	0	478.000	0	1.303.328	310.000	5.843.442	0	6.529.441	17,63
	5.2.1. COMERCIO INTERIOR		823.451			313.695		2.800.000	22.476.980			32.257.568	100,00
	5.2.1.A. REGULACIÓN DO COMERCIO INTERIOR E DA POLÍTICA DE PREZOS	10	823.451			313.695	0	2.800.000	22.476.980	5.843.442	0	32.257.568	100,00
5.3. ACTIVIDADES FINANCIERAS		30.724.557	22.686.796		3.500.000		25.971.280	6.500.000			89.392.633	100,00	
5.3.1. ADMINISTRACIÓN FINANCIERA													
5.3.1.A. ADMINISTRACIÓN FINANCIERA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL	07, 23	20.879.735	22.686.796		3.500.000		24.095.782				71.172.313	79,62	
5.3.1.B. IMPREVISTOS E FUNCIONS NON CLASIFICADAS													
